



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ÁREA DE RR.HH. SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

#### Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA OU LABORAL FIXO, NA DEPUTACIÓN DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - IB) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

A Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 (apartado IB), aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no seu artigo 2 que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

Para executar este apartado da Oferta de Emprego, débense, aprobar as convocatorias, as bases xerais e as bases específicas de cada un dos procesos selectivos afectados polo sinalado no Art 2 da Lei 20/2021. A publicación para cumprimento do artigo 2.2 da mencionada Lei deberá realizarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2022.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

As bases xerais que se acompañan, regularán os aspectos comúns dos procesos selectivos aos que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, sendo complementadas polas bases específicas que se aproben para cada unha das convocatorias, e cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constituicionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constituicionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 na Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

A vista do antedito propónse á Xunta de Goberno para cumprimento do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que acorde:

1º.- Aprobar as bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos que se convoquen para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema concurso-oposición, acceso libre.

2º.- Ordenar a publicación das presentes bases xerais no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

**BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA OU LABORAL FIXO, NA DEPUTACIÓN DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - IB) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.**

**1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES XERAIS**

É obxecto das presentes bases xerais regular os aspectos comúns, dos procesos selectivos de estabilización que convoque a Deputación de Lugo para a selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, aos que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídos no apartado IB) da Oferta de Emprego Público (OEP) publicada no BOP núm. 120, do 27.05.2022.

As especificidades de cada proceso selectivo serán reguladas nas bases específicas das prazas que se convoquen.

**2. NORMAS DE APLICACIÓN**

Os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, rexeranse por estas bases xerais, polas correspondentes bases específicas e convocatorias.

No non regulado nas mesmas estarase ao disposto:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultará de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET);
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para a ámbito local) da Lei 20/2021.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020).
- Acordo marco único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991).
- Convenio colectivo único para o persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do

30.08.1990).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP);
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP);
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCCP).

### 3. CONVOCATORIA

A Xunta de Goberno, adoptará acordo aprobando as convocatorias, as bases xerais e as bases específicas que regularán os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 – I B) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), cota xeral ou cota de reserva de persoas con capacidades diferentes, sistema concurso-oposición.

A convocatoria, as bases xerais e as bases específicas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo, na web corporativa da Deputación de Lugo (no apartado Emprego Público – RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade, enviando extracto da convocatoria e das bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

A publicación das convocatorias deberán producirse antes do día 31 de decembro de 2022 para cumprimento do art. 2.2 da Lei 20/2021.

### 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas aos procesos selectivos, será necesario cumprir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos xerais que se indican a continuación, ademais dos que se determinen nas bases específicas de cada convocatoria, e conservalos durante o procedemento de selección ata o acordo polo que se resolva definitivamente.

Requisitos xerais sinalados no art. 56 do TREBEP:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no art. 57 do TREBEP:

Ser cidadán da Unión Europea ou seu cónxuxe, sempre que non estean separados/as de dereito, así como os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un (21) anos ou maiores dependentes.

Estar incluído/a no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrado pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas das prazas/postos que se convocan.

c) Ter cumpridos dezaseis (16) anos e non alcanzar a idade de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no seu caso, o persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica esixida na base específica 5.1 correspondente ás prazas que se convocan ou estar en condicións de obtela na data na que remata o prazo de presentación de instancias. As persoas aspirantes con titulación obtida no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Nivel de galego (determinado na base específica 5.2). Este requisito, de non cumprirse, será substituído pola realización da proba que se determina na base específica 7.4.

g) Outros requisitos que, no seu caso, podan esixirse na base específica 5.3 que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e tarefas a desempeñar.

h) Cando se convoquen prazas incluídas na cota de persoas con capacidades diferentes, as persoas aspirantes que concorran, deberán ter recoñecido grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Se durante o proceso selectivo a mesma desaparecera ou diminuíse quedando por debaixo da porcentaxe sinalada, procederase de oficio a realizar o cambio á cota xeral.

### 5. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN: MODELO, LUGAR, FORMA DE PRESENTACIÓN, PRAZO E DOCUMENTOS A PRESENTAR

Para participar nos procesos selectivos teranse que realizar as seguintes actuacións tendo en conta que:

- Deberase presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que queira participar.
- Deberán relacionar os méritos na solicitude.
- Non se presentarán coa solicitude as acreditacións dos méritos relacionados, esta actuación realizarase polas persoas aspirantes que superen a fase de oposición, no prazo habilitado, conforme se sinala na base xeral 8.2.1.
- No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, só se poderá participar nunha das dúas modalidades.
- Cando se solicite adaptación das probas, por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberase indicar expresamente na solicitude.

### 5.1. Lugar, forma de presentación e modelo de solicitude (MO3)

Presentación telemática. A través da sede electrónica da Deputación de Lugo, catálogo de servizos - Recursos Humanos - Oferta de Emprego; Alta de solicitude; identificarse co certificado electrónico - escoller no desplegable - MO3-OE estabilización Art.2 Lei 20/2021-concurso-oposición; Premer na praza do proceso selectivo no que desexa participar; Cumprimentar os campos que se indican, relacionar os méritos que se queren facer constar; Incorporar os documentos orixinais-con código de verificación ou copias electrónicas auténticas que se sinalan na base xeral 5.2; Asinar e presentar a solicitude na que declarará, baixo a súa responsabilidade, que reúne todas as condicións esixidas nas bases xerais e específicas que rexen a convocatoria, con anterioridade á data de remate do prazo presentación de instancias.

Presentación presencial no rexistro xeral da Deputación Provincial. Cumprimentar o modelo de solicitude (MO3) que figura como anexo destas bases (dispoñible en formato papel nas oficinas de atención ao cidadán e en formato editable na páxina web [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) - Emprego Público - RRHH/procesos selectivos/oferta de emprego estabilización Art.2 Lei 20/2021; Relacionar os méritos que se queren facer constar e asinar; Presentar a solicitude xunto cos documentos orixinais que se relacionan na base xeral 5.2, dos que se realizará copia electrónica auténtica para proceder ao rexistro.

Presentación en calquera outro lugar dos sinalados no art. 16.4 da LPACAP, tendo en conta que os documentos que se incorporen á solicitude deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica.

### 5.2. Documentos a incorporar coa solicitude:

- a) Titulación académica oficial esixida na base específica 5.1 da convocatoria correspondente.
- b) Outros requisitos que no seu caso se esixan na base específica 5.3.
- c) Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.
- d) Nivel de galego esixido na base específica 5.2 (ao obxecto de non realizar a proba de galego).
- e) Acreditación do pago da taxa de participación en procedementos selectivos (base xeral 5.4. No suposto de pagar taxa reducida deberá achegar as acreditacións da condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.
- f) **PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES**

Para participar na cota de reserva para persoas con capacidades diferentes, no seu caso, deberán incorporar a certificación de discapacidade igual ou superior ao 33%:

No caso de solicitar adaptación de probas presentarase a maiores o Certificado de medidas de adaptación para realizar as probas expedido polo equipo de valoración de discapacidade que corresponda.

Excepcións: As persoas aspirantes que estean prestando servizos na Entidade non terán que acreditar os méritos que figuren no seu expediente formativo.

### 5.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOE.

### 5.4. Taxa de participación en procesos selectivos

A contía da taxa será de 15€ ou 3,75€ se se presenta certificación do Servizo Público de Emprego (SEPE) que acredite a condición de persoa desempregada, xunto coa certificación de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

Forma de pagamento: en efectivo nas oficinas da Tesourería da Deputación de Lugo, mediante xiro postal ou mediante transferencia bancaria a conta número ES04-2080-0163-8531-1000-0423 de ABANCA, indicando o nome da persoa aspirante e a praza á que opta.

En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento substituirá a obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídos

definitivamente as persoas que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

#### **5.4.1. Consecuencias de non aboar a taxa**

As persoas aspirantes que non abonen a taxa dentro do prazo de presentación de instancias, serán excluídas da listaxe de persoas admitidas.

#### **5.4.2. Devolución da taxa aboada ás persoas aspirantes**

Para proceder á devolución da taxa ás persoas que o soliciten, deberán figurar como excluídas na listaxe definitiva.

Non procederá a devolución do importe aboado nos supostos de renuncia a participar no proceso selectivo das persoas aspirantes admitidas.

#### **5.5. Erros nas solicitudes**

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

#### **5.6. Defectos das solicitudes**

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

### **6. ADMISION DAS PERSOAS ASPIRANTES**

#### **6.1. Listaxe provisional**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a presidencia da Deputación ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelido, o número do DNI anonimizado, (disposición adicional sétima da LPDPC) e, no seu caso, a causa da exclusión, indicando se é ou non emendable.

No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de reserva para persoas con capacidades diferentes, elaborárase unha listaxe diferenciada para cada unha das cotas. Se non se deduce a opción, incluírase por defecto na listaxe provisional do sistema xeral.

Esta resolución publicarase no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - Recursos Humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

##### **6.1.1. Período de alegacións a listaxe provisional**

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións.

#### **6.2. Listaxe definitiva**

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas non se permitirá ningún cambio de cota .

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

##### **6.2.1. Recursos contra a listaxe definitiva**

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia da entidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte aoda citada publicación no BOP.

### **7. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

#### **7.1. Designación e composición**

O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente) e será nomeado pola presidencia da Deputación Provincial, publicándose a resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

**Composición:**

Presidencia: a persoa que desempeñe o posto de xefatura de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo, ou persoa funcionaria que a substitúa.

Secretaría: a persoa que exerza a secretaría xeral da Corporación, ou persoa funcionaria que a substitúa.

Vogais: tres persoas técnicas ou expertas.

A composición acomodarse ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade entre mulleres e homes, non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/ou persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas que se convocan.

**7.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador**

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, e/ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.

**7.3. Abstención e recusación**

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á presidencia, cando concorran circunstancias previstas no art. 23.2 da LRXSP e, conforme determina o art. 13.2 do RD 364/1995,

A presidencia do Tribunal solicitará aos membros do Tribunal, persoal asesor e colaborador, que asinen unha declaración expresa na que manifesten non atoparse incurso nas circunstancias prevista no art. 23.2 da LRXSP nin nas previstas no art. 13.2 do RD 364/1995.

Así mesmo as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no art. 24 da LRXSP.

A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior.

**7.4. Constitución do Tribunal**

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes) con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

A citación ao Tribunal para a súa constitucións incluírase na resolución pola que lles cita para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

**7.5. Actuación do Tribunal**

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na LRXSP e do resto do ordenamento xurídico.

Todas as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

O Tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a presidencia ou a secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que os exercicios e probas escritas se corrixan sen coñecer a identidade das persoas aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O Tribunal, no suposto de solicitar adaptación de probas persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, adoptará as medidas precisas para realizar as adaptacións necesarias.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

**7.6. Indemnizacións**

As persoas que formen parte do Tribunal cualificador, así como o persoal asesor e/ou colaborador que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes asistencias, gastos de locomoción e manutención, nas contías establecidas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito

causante.

## **8. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, segundo o establecido no art. 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Os procesos selectivos desenvolveranse con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no art. 55.2 do TREBEP.

## **9. FASE DE OPOSICIÓN**

As bases específicas establecerán os exercicios e probas da fase de oposición, incluíndo o programa de materias comúns e específicas.

Para superar a fase de oposición (primeiro e segundo exercicio) as persoas aspirantes deberán alcanzar como mínimo a cualificación de 15 puntos e superar ou estar exento da proba de galego.

Cando algunha das normas que se inclúen no programa foran derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que proceda, con data límite ao da publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no BOP, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida.

### **9.1. Criterios xerais que rexerán a fase de oposición. Desenvolvemento dos exercicios.**

#### **9.1.1. Contido das probas**

As probas selectivas terán idéntico contido para todas as persoas aspirantes, independentemente da cota pola que se opte.

#### **9.1.2. Citación para a realización dos exercicios**

A resolución da presidencia da Deputación de Lugo pola que se cita ao Tribunal e as persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición deberá publicarse no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público – RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade, garantíndose unha antelación mínima de 15 días dende a data de publicación e a data do primeiro exercicio.

Unha vez publicada a data de realización do primeiro exercicio, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios no BOP. A citación para a celebración dos restantes exercicios/probas realizarase na web corporativa da Deputación de Lugo – (apartado Emprego Público-RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

O Tribunal cualificador poderá realizar os exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie ao rematar cada un dos exercicios anteriores ao obxecto de axilizar os procedementos selectivos.

#### **9.1.3. Chamamentos**

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal Cualificador, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes que non comparezan.

No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de persoas con capacidades diferentes realizaranse os chamamentos de forma diferenciada.

O Tribunal cualificador decidirá en cada caso, con fundamento na información de que dispoña, se procede ou non realizar os exercicios/probas nun lugar alternativo ou ben realizalo/a noutra data, ou ámbalas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso a respecto das decisións do Tribunal nesta cuestión, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

#### **9.1.4. Identificación**

O día da realización do primeiro exercicio as persoas aspirantes deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou documento identificativo oficial da nacionalidade que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

#### **9.1.5. Anonimato**

Para garantir o anonimato empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control que será o que utilice a persoa aspirante para participar no proceso selectivo.

Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre lacrado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan públicas as cualificacións.

O Tribunal, poderá decidir se utiliza a mesma tarxeta para todo o proceso selectivo ou unha diferente para cada exercicio/proba.

Non obstante o anterior, as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo Tribunal en calquera momento coa finalidade de acreditar a súa identidade.

O Tribunal anulará os exercicios nos que figuren elementos (marcas, sinaturas, utilización de bolígrafos

diferentes aos que se entregan....) que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, excluíndoas definitivamente do proceso selectivo.

#### **9.1.6. Orde de actuación**

Cando sexa necesario, realizarase polo número que figure na tarxeta de control, sempre de menor a maior.

#### **9.1.7. Adaptación de probas ás persoas aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%**

O Tribunal adaptará o tempo e/ou medios de realización dos exercicios/probas a aquelas persoas con discapacidade que o solicitaran, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con elo non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou menoscabe o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PRE 1822/2006, do 9 de xuño.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala da praza/posto á que opta, poderá solicitar ditame do órgano competente.

#### **9.1.8. Criterios de corrección e cualificacións**

Os exercicios/probas cualificaranse conforme ao que se dispón nas bases específicas e obterase, salvo nos supostos nos que se suscite decisión unánime, calculando a media aritmética entre as puntuacións outorgadas polos membros do tribunal, excluíndose automaticamente as cualificacións máxima e mínima cando exista unha diferenza de tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

Diferenciarase, no seu caso, as cualificacións das persoas aspirantes que participan pola cota xeral e polo cota de capacidades diferentes.

#### **9.1.9. Publicación e alegacións contra os exercicios/ probas**

O Tribunal fará públicos os resultados dos exercicios/probas na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público – RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións a cada un dos exercicios/probas no prazo de tres (3)días hábiles seguintes á publicación dos resultados na web corporativa da Deputación de Lugo – (apartado Emprego Público - RRHH).

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións, de non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

### **10. FASE DE CONCURSO**

#### **10.1. Acreditación dos méritos, lugar e forma de presentación, prazo e criterios xerais.**

As persoas aspirantes que alcance a puntuación mínima establecida na base xeral 9 (15 puntos entre o primeiro e segundo exercicio) e acrediten ou obteñan o resultado de apto na proba de galego, deberán acreditar os méritos relacionados na súa solicitude de participación.

##### **10.1.1. Lugar e forma de presentación.**

As persoas aspirantes deberán presentar as acreditacións documentais dos méritos que, no seu caso, relacionaron na solicitude de participación para poder ser valorados polo Tribunal. As acreditacións deberán realizarse cos documentos que se sinalan para cada un dos apartados do baremo.

Presentación telemática. Acceder ao expediente electrónico da súa solicitude de participación na sede electrónica da Deputación de Lugo e incorporar as acreditacións que deberán ser documentos orixinais con código de verificación en formato PDF .

Presentación no Rexistro Xeral da Deputación Provincial. Presentando os documentos orixinais (dos que se realizará copia electrónica auténtica) que acrediten os méritos, facilitando o número rexistro da solicitude de participación para ser incorporados.

Presentación en calquera outro lugar dos sinalados no art. 16.4 da LPACAP

Cando as persoas aspirantes presten servizos na entidade, a certificación que acredite a experiencia na Deputación e as acreditacións documentais dos méritos que figuran no seu expediente formativo (Ficha formativa), incorporaranse de oficio á súa solicitude de participación. Estes documentos poñeranse a disposición das persoas interesadas que deberán visualizalas a través da sede electrónica, así como e presentalos ao obxecto de dar conformidade ao contido. O resto de documentos deberán presentalos tal e como se indica con anterioridade.



### 10.1.2. Prazo de presentación

Disporase dun prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o seguinte á publicación na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) do anuncio polo que o Tribunal abra o dito prazo.

### 10.1.3. Criterios xerais baremo de méritos

Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmentemente tal e como se indica en cada un dos apartados do baremo, diferenciado, no seu caso, os resultados das persoas aspirantes que participan pola cota xeral das que participan pola cota de persoas con capacidades diferentes.

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

## 10.2. BAREMO DE MÉRITOS

### A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado é de **18 puntos (90%)**.

#### A)1 Criterios de valoración da experiencia profesional

- Valorarase a experiencia profesional adquirida nas Administracións Públicas definidas no art. 2.3 da LRXSP como persoal funcionario ou laboral, na mesma praza/posto/emprego que se convoca (idéntica denominación e mesma función).
- Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulación académicas.
- O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme se sinala no cadro do apartado A)2.
- No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no informe de vida laboral.

#### A)2 Cadro de valoración da experiencia profesional:

APARTADO	ADMINISTRACIÓN	PUNTUACIÓN (POR CADA 30 DÍAS DE SERVIZOS)
A)2.1	Administración Local -Deputación de Lugo	0,32
A)2.2	Outras Administracións Locais	0,16
A)2.3	Outras Administracións Públicas	0,10

#### A)3 Forma de acreditar a experiencia

Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo e tempo de servizos prestados.

### B) FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado é de **2 puntos (10%)**.

#### B)1 Criterios de valoración da formación

Valorarase a formación que cumpra os seguintes requisitos:

- Directamente relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza/posto que se convoca.
- Adquirida a través de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares.
- Impartida dentro dos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), das Escolas oficiais de formación similares do Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local, das universidades públicas ou privadas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das Administracións Públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

- Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.
- Realizada nos 15 anos anteriores a data de remate de presentación de solicitudes .

Non se valorará:

- A formación considerada transversal (lingua galega, prevención, igualdade, protección de datos, atención cidadá, ofimática, etc) que aporta coñecementos que poden ter interese para calquera posto na administración pero non formación específica relacionada directamente coas tarefas a realizar. Excepcionalmente, cando as materias transversais, sexan necesarias e específicas e relacionadas directamente co contido funcional do posto si poderán puntuarse.
- As materias que formen parte de titulacións académicas oficiais.
- Contidos parciais de accións formativas.
- Materias que formen parte de cursos/másteres propios.
- Módulos ou unidades de competencia.
- Os módulos do certificado de profesionalidade que formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo.

A criterio do Tribunal:

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que adopte.

## B)2 Cadro de valoración da formación

APARTADO	FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA (Últimos 15 anos)
B)2.1	Asistencia	0,005
B)2.2	Aproveitamento	0,010
B)2.3	Impartición	0,016

## B)3 Forma de acreditar a formación

A acreditación realizarase mediante certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas (no suposto de ser créditos- equivalencia en horas), determinación de se é de asistencia, aproveitamento ou impartición, entidade que organiza así como a data de remate da acción formativa

### 10.3. Publicación e período de alegacións

O resultado da fase de concurso publicarase na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

En ningún caso, a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar a puntuación mínima esixida para superar a fase de oposición.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados do baremo de méritos na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH), para presentar alegacións.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

## 11. CUALIFICACIÓN FINAL E LISTAXE POR ORDE DE PUNTUACIÓN

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso elaborando unha listaxe, ordenada de maior a menor puntuación.

No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de persoas con capacidades diferente elaboraranse unha lista única ao obxecto de que as persoas que concorran ás prazas reservadas para persoas con distintas capacidades, que excedan o número de prazas convocadas para esta cota, e que formen parte desta lista sexan propostas polo Tribunal en igualdade de condicións para as prazas incluídas na cota xeral.

### 11.1. Resolución dos empates

En caso de empates acudirase aos seguintes criterios, ata que se resolvan:

1º.- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos, no apartado EXPERIENCIA PROFESIONAL A)2.1.

2º.- Maior tempo de servizos temporais ininterrompidos aos que se refire a Lei 20/2021, acreditados e valorados polo Tribunal no apartado A)2.1 do baremo de méritos.

3º.- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos no apartado B) FORMACIÓN .

4º.- Maior número de horas formativas acreditadas e valoradas polo Tribunal no apartado FORMACIÓN B)2.2.

5º.- Maior puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición (exame práctico).

6º.- Maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición (exame teórico).

7º.- Maior idade do aspirante.

## **12. RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS, PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN E PROPOSTA DE INCORPORACIÓN NAS LISTAXES DE EMPREGO TEMPORAL**

### **12.1. Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal**

O Tribunal, elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando a proposta de nomeamento ou contratación.

No suposto de que existan prazas reservadas á cota de persoas con discapacidade e que non sexan cubertas por persoas con capacidades diferentes, estas acumularanse á cota xeral. Así mesmo, no suposto de que algunha persoa que participe pola cota de persoas con capacidades diferentes superase os exercicios correspondentes pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outras persoas aspirantes da cota xeral, será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no art. 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan as propostas por orde de puntuación.

### **12.2. Orde das persoas para inclusión nas listaxes de emprego temporal**

As persoas aspirantes non propostas, pola orde establecida na listaxe das cualificacións finais, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo reguladas ao abeiro dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación de Lugo, aprobados por resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

### **12.3. Publicación**

As cualificacións finais, proposta de nomeamento ou contratación do Tribunal e a proposta de orde das persoas non seleccionadas para incorporación nas listaxes de emprego temporal, serán publicadas na web corporativa da Deputación de Lugo, (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade

## **13. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS**

As persoas aspirantes propostas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa orixinal ou copia electrónica validada ou compulsada que acredite os seguintes requisitos, esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, que non fosen acreditados coa solicitude de participación:

- DNI ou calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Certificación de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- Acreditación de non ter sido separado/a do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na base xeral 4; e non estar incurso/a en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Titulación académica oficial esixida nas bases específicas 5.3 ou os dereitos aboados para obtela.
- Tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- Demais requisitos que se esixan, no seu caso, nas base específica 5.1
- No caso de persoas aspirantes a prazas da cota reservada a persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, deberán acreditar tal condición mediante certificación expedida polo órgano

competente da administración correspondente. Así mesmo, a Deputación de Lugo requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade co desempeño das correspondentes funcións da praza para a que resulte seleccionado .

Se as persoas aspirantes seleccionadas tiveran a condición de persoal funcionario de carreira, estarán exentas de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa acreditadas para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso presentarán certificación do Organismo do que dependan, na que se acredite a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

### **13.1. Prazo de presentación**

As persoas aspirantes propostas dispoñerán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de nomeamento ou contratación do Tribunal na web corporativa da Deputación de Lugo, apartado emprego público- RRHH .

### **13.2. Lugar de presentación**

Nos mesmos lugares que os sinalados na base xeral 5.1.

### **13.3. Falta de presentación de documentos**

As persoas que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación, ou cando do exame da mesma se deducira que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeadas ou contratadas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude. Neste caso, entrará en xogo a proposta de nomeamento ou contratación complementaria ao que se refire a base xeral 12.1

## **14. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO**

### **14.1. Órgano competente**

A presidencia da entidade formulará proposta á Xunta de Goberno para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal, que acreditan os requisitos esixidos na convocatoria, propoñendo o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

### **14.2. Publicación**

O acordo da Xunta de Goberno deberá publicarse no BOP, na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, apartado emprego público- RRHH e no taboleiro de anuncios da entidade.

## **15. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN**

### **15.1. Prazo**

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas no acordo da Xunta de Goberno para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte o da publicación do citado acordo no BOP.

### **15.2. Falta de toma de posesión**

Entenderase que renuncia quen, sen causa xustificada, non tomara posesión dentro do prazo sinalado. Neste caso tamén entrará en xogo a proposta complementaria á que se refire a base xeral 12.1.

### **15.3. Requisitos**

O cumprimento dos requisitos esixidos no art. 62.1.c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como os da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato.

## **16. INFORMACIÓN Á XUNTA DE PERSOAL/COMITÉ DE EMPRESA**

De conformidade co sinalado no Acordo Marco Único de persoal funcionario e no Convenio Colectivo Único de persoal laboral, da Deputación Provincial de Lugo, informárase á presidencia da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa do seguinte:

- Bases da convocatoria, xerais e específicas.
- A composición nominal dos Tribunais de selección.
- O lugar, data e hora da celebración dos exercicios.

## **17. DEREITO SUPLETORIO**

En todo o non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa sinalada na base xeral 2, ou

naquela outra que resulte de aplicación, remitíndose aos órganos competentes da xurisdición contencioso-administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

#### **18. RECURSOS**

Contra o acordo que aprobe as presentes bases xerais, definitivo en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación no BOPou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

#### **19. NORMA FINAL**

As presentes bases xerais, mailas bases específicas que se aproben para cada praza, e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación dos Tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na LPACAP ou na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

## MODELO DE SOLICITUDE OFERTA DE EMPREGO

MO3

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO	MO3 OE-ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021 - CONCURSO-OPOSICIÓN
DENOMINACIÓN PRAZA	
RÉXIME XURÍDICO	
DATA BOP	
COTA	
DATOS PERSOA ASPIRANTE	
NOME	
PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	
DNI	
DATOS CONTACTO E NOTIFICACIÓN	
NOME DE VÍA	
NÚMERO	
PISO	
PORTA	
CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
PAÍS	
TELÉFONO FIXO/MÓBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
REQUISITOS PARTICIPACIÓN	
TITULACIÓN ACADÉMICA OFICIAL ESIXIDA, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS	
OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS	
NIVEL DE GALEGO ESIXIDO NAS BASES ESPECÍFICAS	
TAXA ABOADA	
ADAPTACIÓN DE PROBAS (DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%)	
GRAO DE DISCAPACIDADE QUE TEN CERTIFICADA	
ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA	

RELACIÓN DE MÉRITOS. Deberán relacionarse os méritos que se queiran facer constar na Fase de concurso (os non relacionados non serán tidos en conta polo Tribunal).				
As acreditacións documentais dos méritos non terán que presentarse coa solicitude				
A) EXPERIENCIA PROFESIONAL				
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (ART. 2.3 LEI 40/2015)		PERIODO SERVICIOS	
B) FORMACIÓN (másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares)				
DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	AS asistencia AP aproveitamento IMP impartición	DATA REMATE	HORAS

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN Á SOLICITUDE (orixinais ou copia electrónica auténtica)	
Marcar cunha X	
Titulación académica oficial esixida nas bases específicas	
Outros requisitos que se esixan, no seu caso, nas bases específicas	
Certificado do nivel de galego esixido nas bases específicas	
Acreditación da nacionalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia)	
Xustificante do pago da taxa establecida nas bases xerais e, no seu caso, os documentos esixidos para realizar o pago da taxa reducida (certificación de ser desempleado/a e de non percibir prestación por desemprego na súa modalidade contributiva)	
PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES	
No suposto de presentarse pola cota de reserva de persoas con capacidades diferentes, Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%	
No suposto de pedir adaptación de probas presentarse, ademais do sinalado no punto anterior, certificado do equipo de valoración de discapacidade no que se especifiquen as medidas de adaptación necesarias.	

**SOLICITO** que se admita a presente instancia para poder participar no procedemento selectivo e **DECLARO** que os datos consignados nesta solicitude son certos e que estou en condicións de acreditarlos e que reúno todos os requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria para ser admitido/a .

....., a ..... de ..... de .....

**Sinatura da persoa solicitante**

**AUTORIZO** expresamente ao Servizo de Recursos Humanos que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS</b>	
<b>Responsable do tratamento</b>	DEPUTACIÓN DE LUGO
<b>Finalidade do tratamento</b>	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
<b>Lexitimación para o tratamento</b>	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.
<b>Persoas destinatarias dos datos</b>	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
<b>Exercicio de dereitos</b>	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
<b>Contacto delegado de protección de datos e máis información</b>	Teléfono: 982260000 -Fax: 982180004 Correo electrónico: <a href="mailto:protecciondatos@deputacionlugo.org">protecciondatos@deputacionlugo.org</a> Contacto DPD: <a href="mailto:dpd@deputacionlugo.org">dpd@deputacionlugo.org</a>
<b>Actualización normativa</b>	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web:

[http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro\\_actividades\\_tratamento/xestion\\_servizo\\_rrhh](http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.



### Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SEIS (6) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A XESTIÓN, CINCO (5) COTA XERAL E UNHA (1) COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal daquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO	COTA
859	TÉCNICO/A XESTIÓN	Escala administración xeral, subescala xestión	A / A2	1347	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Xeral
877				1421		
878				1422		
879				1423		
891				1455		
968				1692		Reserva a persoas con capacidades diferentes art. 59.1 do TREBEP

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que "a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso", segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN SEIS (6) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A XESTIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, CINCO (5) COTA XERAL E UNHA (1) COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, ART 59.1 DO TREBEP, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM. 120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

#### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IB) (BOP núm. 120, do 27.05.2022), acceso libre, concurso - oposición, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

#### 2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 6

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO	COTA
859	TÉCNICO/A XESTIÓN	Escala administración xeral, subescala xestión	A / A2	1347	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Xeral
877				1421		
878				1422		
879				1423		
891				1455		
968				1692		Reserva a persoas con capacidades diferentes art. 59.1 do TREBEP

### 3. RETRIBUCIÓNS

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

#### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Licenciatura, Grao universitario, Diplomatura universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou equivalentes

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

### 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de 1 hora e 45 minutos.

Este exercicio terá dúas partes:

##### 7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS

Consistirá nun exercicio tipo test de 40 preguntas con tres respostas alternativas e 4 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### 7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS

Consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

## **7.2. SEGUNDO EJERCICIO**

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 3 horas e 30 minutos.

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria, quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas de normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

## **7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMIENTO SELECTIVO**

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

## **7.4. PROBA DE GALEGO**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria, cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 4).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

## **8. FASE DE CONCURSO**

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2.

## **9.- PROGRAMA DE ACCESO**

### **A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

2. A organización territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A administración electrónica.

4. Sometemento da administración á lei e ao dereito. As fontes do dereito público. A lei e o regulamento. Ordenanzas, regulamento e bandos na Administración Local.

5. O réxime local español. Principios constitucionais. Regulación xurídica.

6. O dereito financeiro: concepto e contido. A facenda local na Constitución. O réxime xurídico das facendas locais: criterios inspiradores do sistema de recursos e principios orzamentarios. Os tributos locais.

#### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS**

7. O ordenamento xurídico- administrativo: O dereito da Unión Europea: tratados e dereito derivado. A Constitución. As leis estatais e autonómicas. Tipos de disposicións legais. Os tratados internacionais.

8. O administrado versus cidadán: concepto e clases. A capacidade dos cidadáns e as súas causas modificativas. O Estatuto do cidadán: dereitos subxectivos e intereses lexítimos, diferenzas entre ambos conceptos e obrigas.

9. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.

10. A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia. A executividade dos actos administrativos. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

11. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposición pola propia Administración: supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.

12. A terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o réxime de silencio administrativo. O desistimento e a renuncia. A caducidade.

13. Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

14. Normativa de aplicación en materia de contratación administrativa no ámbito do sector público. Os contratos do sector público: obxecto e ámbito da Lei de contratos do Sector Público. Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito privado; os actos separables. Os principios xerais da contratación do sector público: racionalidade, liberdade de pactos e contido mínimo, perfección e forma, o réxime de invalidez dos contratos e o recurso especial en materia de contratación.

15. As partes nos contratos do sector público. Os órganos de contratación. A capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións, clasificación. A sucesión do/a contratista.

16. Preparación dos contratos polas Administracións Públicas. O prezo, o valor estimado. A revisión de prezos. Garantías na contratación do sector público. Clases de expedientes de contratación. Procedementos e formas de adjudicación dos contratos. Criterios de adjudicación. Perfeccionamento e formalización dos contratos administrativos. Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción. A cesión dos contratos e a subcontratación.

17. O contrato de obras. Actuacións administrativas preparatorias. Formas de adjudicación. Execución, modificación e extinción. A cesión do contrato e subcontrato de obras. Execución de obras pola propia Administración.

18. O contrato de concesión de obras. O contrato de concesión de servizos. O contrato de subministración. O contrato de servizos. Os contratos mixtos.

19. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

20. As competencias nas Entidades Locais (municipios e provincia): competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sostibilidade financeira da facenda local como condición do exercicio das competencias. Os convenios sobre o exercicio de competencias e servizos locais. A cooperación municipal. A coordinación na prestación de determinados servizos polas Deputacións Provinciais.

21. Os créditos do orzamentos de gastos: delimitación, situación e nivel de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases concepto, financiamento e tramitación.

22. A execución do orzamento de gastos e de ingresos: Os pagamentos a xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectada: especial referencia ás desviacións de financiamento.

23. Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, a débeda pública e da regra de gasto para as Corporacións Locais: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento. Os plans económico- financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministración de información financeira das Entidades Locais.

24. A tesourería das Entidades Locais. Réxime xurídico. O principio de unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización de pagamentos: prelación, procedementos e medios de pagamento O cumprimento do prazo nos pagamentos: o período medio de pagamento. O estado de conciliación.

25. A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

26. Os impostos locais: Imposto sobre Bens Inmóveis, Impostos sobre Actividades Económicas, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica. A súa natureza. Feito impositivo. Suxeito pasivo. Exencións e bonificacións. Base impositiva: o valor catastral. Base liquidable. Cota, devindicación e período impositivo.

27. Instrumentos e técnicas de planificación e ordenación dos recursos humanos. Plan de ordenación de recursos humanos. Cadro de persoal. Oferta de emprego público. Libro de rexistro de persoal. Análise e valoración de postos de traballo e Relación de Postos de Traballo. A provisión dos postos de traballo.

28. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos/as. Adquisición e perda da relación de servizo. As situacións administrativas. Réxime disciplinario.

29. O persoal laboral nas entidades locais. Clases. A representación dos/as traballadores/as nas Entidades Locais. A negociación colectiva e os convenios colectivos. A Seguridade Social.

30. A actividade subvencional das Administracións Públicas. Procedemento de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2749

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA, DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URGENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
33 43 494	ADMINISTRATIVO/A	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C/C1	1413 1412 726	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM.120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022-apartado IB) (BOP núm. 120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 3

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
33 43 494	ADMINISTRATIVO/A	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C/C1	1413 1412 726	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓNS

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Bacharelato, Técnico/a (FP Grao Medio), FP II Grao ou equivalente

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

### 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).



Constará dos seguintes exercicios:

### **7.1. PRIMEIRO EXERCICIO**

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de 1 hora e 30 minutos

Este exercicio terá dúas partes:

#### **7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS**

Consistirá nun exercicio tipo test de 25 preguntas con tres respostas alternativas e 2 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade a realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

#### **7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS**

Consistirá na exposición por escrito dun tema, seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do exercicio.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

### **7.2. SEGUNDO EXERCICIO**

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 2 horas e 30 minutos.

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas de normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

### **7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO**

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

### **7.4. PROBA DE GALEGO**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 4).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

## **8. FASE DE CONCURSO**

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2

## **9.- PROGRAMA DE ACCESO**

### **A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O poder xudicial.

2. A organización territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3. Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do dereito público. Principios de actuación das Administracións Públicas.

4. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica A facenda local na Constitución.

### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS**

5. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

6. Os actos administrativos: concepto, elementos e clases. Requisitos. Motivación. A eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.

7. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O procedemento administrativo local.

8. Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

9. Os dereitos dos cidadáns en relacións coa Administración Pública. Os interesados: concepto de interesado.

10. Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais da tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións civís e laborais. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

11. O expediente administrativo. Os documentos administrativos. Clases. Práctica de notificación. Os documentos do cidadáns. O funcionamento do Rexistro Xeral.

12. Os contratos administrativos. Concepto. Clases. Elementos subxectivos: Administración contratante. O órgano de contratación. O contratista. Capacidade e prohibición para contratar.

13. Elementos formais: tramitación dos expedientes de contratación. Prego de condicións. Procedemento e formas de adxudicación. Garantías. Execución. Modificación. Extinción.

14. A actividade subvencional das Administracións Públicas. Procedemento de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

15. Os bens das Entidades Locais. Bens de dominio público local. Bens patrimoniais. Bens comunais. Adquisición de bens por parte das Entidades Locais. Alteración da cualificación xurídica dos bens locais. Inventario de bens. Prerrogativas das entidades locais para a defensa do seus bens.

16. As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Orzamento das Entidades Locais: Conceptos esenciais da súa aprobación e execución.

17. Os impostos locais: Imposto sobre Bens Inmóveis, Impostos sobre Actividades Económicas, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica. A súa natureza. Feito impositivo. Suxeito pasivo. Exencións e bonificacións. Base impositiva: o valor catastral. Base liquidable. Cota, devengo e período impositivo.

18. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

19. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario

20. O funcionamento dos órganos colexiados locais: réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións da presidencia.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2750

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 Lei 20/2021 que dispón que "(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022" e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGR	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
889	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	A / A1	1453	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que preste servizo temporais vinculados apraza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que "a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso", segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM.120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

#### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IB) (BOP núm.120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

#### 2. PRAZA QUE SE CONVOCA: 1

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGR	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
889	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	A / A1	1453	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓNS

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

#### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Licenciatura ou grao en Comunicación Audiovisual; Grao en Comunicación Audiovisual/Bachelor in Film, Television and Media Studies; Grao en Comunicación Audiovisual e Multimedia; Grao en Comunicación e Periodismo Audiovisual; Grao en Comunicación Audiovisual e Novos Medios/Bachelor in Audivisual Comunicación and New Media; Grao en Comunicación e Periodismo Audiovisual; Grao en Periodismo, Comunicación Dixital e Novos Medios ou Licenciatura ou Grao en periodismo.

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

### 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de 1 hora e 55 minutos.

Este exercicio terá dúas partes:

##### 7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS

Consistirá nun exercicio tipo test de 50 preguntas con tres respostas alternativas e 5 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade a realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes .

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### 7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS

Consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

## **7.2. SEGUNDO EJERCICIO**

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 4 horas

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas de normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

## **7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMIENTO SELECTIVO**

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

## **7.4. PROBA DE GALEGO**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 4).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

## **8. FASE DE CONCURSO**

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2

## **9.- PROGRAMA DE ACCESO**

### **A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.

2. A organización territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.

4. O dereito administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: Ordenanzas, regulamentos e bandos.
5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.
6. Os interesados. Dereitos da cidadanía nas súas relacións coas Administracións Públicas. O acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.
7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
8. As Facendas Locais. Os tributos locais. As ordenanzas fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.
9. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

## **B) MATERIAS ESPECÍFICAS**

10. Información e comunicación: os seus fins. Proceso de comunicación. Aspectos psicolóxicos e sociolóxicos da comunicación humana: clases de comunicación.
11. A Sociedade Rede. O ecosistema comunicativo actual. Estrutura e organización de medios en Galicia. O papel de cada medio de comunicación. As redes sociais. O papel das redes sociais nas Administracións Públicas: Concepto de rede social. Tipos de redes sociais. Vantaxes para a Administración Pública. Dificultades.
12. Coordinación interdepartamental na área de comunicación dunha institución: relacións públicas, mercadotecnia, publicidade, protocolo e prensa.
13. O plan de comunicación. Pasos para crear un plan de comunicación efectivo. Difusión interna e externa.
14. As audiencias activas. A cidadanía como consumidora e produtora de información. A participación cidadá nos medios. A comunicación cidadá e as súas canles.
15. A opinión pública. Evolución histórica. Factores que inflúen na aparición do réxime de opinión. As enquisas de opinión pública.
16. Os medios audiovisuais. A comunicación nos cibermedios. A comunicación na sociedade en rede.
17. Comunicación dixital. Como crear unha imaxe positiva dunha institución e factores negativos. Contidos web e xestión de redes sociais. A aplicación das novas tecnoloxías na Administración Pública. Intranet e Internet.
18. A web corporativa nunha institución pública e gabinete de prensa virtual. Deseño gráfico multimedia. Tipografía e color. Formatos e optimización de imaxes. Uso de ferramentas de tratamento de imaxes.
19. Usabilidade e accesibilidade web: Normas de accesibilidade e marco lexislativo actual. Ferramentas de revisión de accesibilidade. Avaliación da usabilidade e da experiencia de usuario. Adaptación a dispositivos móbiles.
20. Marketing online: Analítica Dixital con Google Analytics. Técnicas de posicionamento SEO e SEM. Google Adwords. Google Webmaster Tools.
21. O big data. As bases de datos. A xestión dos datos na Sociedade Rede. O xornalismo de datos.
22. A documentación na Sociedade Rede. Busca e recuperación da información. A documentación audiovisual e multimedia. Tendencias en información e documentación.
23. Comunicación nas redes sociais: Reputación dixital. Xestión de redes sociais. Curación de contidos.
24. A ética e a deontoloxía profesional. Os códigos deontolóxicos. Os órganos e sistemas de regulación. A rendición de contas dos medios e os profesionais da información na Sociedade Rede. A censura e a autocensura.
25. Os efectos e a influencia da comunicación. A tipoloxía dos efectos da comunicación. As etapas da investigación sobre os efectos. Técnicas e sistemas de medición de audiencias e difusión. Os estudos sobre impactos das mensaxes na Sociedade Rede.
26. A comunicación política. Antecedentes históricos. Comunicación política e réxime democrático. A comunicación política na Sociedade Rede.
27. A liberdade de expresión e de comunicación. O artigo 20 da Constitución Española. O dereito de rectificación. O dereito da cidadanía a recibir información veraz. Os límites á liberdade de expresión. Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe. Protección da mocidade e a infancia.
28. Os gabinetes de comunicación na Sociedade Rede. O gabinete de comunicación dunha Administración Local: organigrama, características, funcións e disfuncións. Tipoloxías e modelos estándar. O gabinete de

comunicación online. Características das mensaxes para o ecosistema comunicativo actual. Desafíos na era da conectividade e a mobilidade.

29. As rutinas de produción diarias no gabinete de comunicación dunha Administración Pública. As singularidades das rutinas de produción diarias no gabinete de comunicación dunha Deputación Provincial. Organización de tarefas e prioridades.

30. A comunicación institucional. O marco normativo vixente sobre transparencia. Técnicas e estratexias para cumprir o marco normativo sobre transparencia. O papel da cidadanía. A colaboración cidadá: técnicas e estratexias para a súa implicación.

31. A xestión da información: orixe, evolución e situación na sociedade rede. A comunicación interna: características e estrutura. Técnicas e estratexias. A comunicación externa: características e estrutura. Técnicas e estratexias.

32. As fontes informativas. O gabinete de comunicación como fonte. O papel das fontes oficiais. Outras fontes. Identificación das fontes.

33. O comunicado de prensa e a nota de prensa: obxectivos, preparación, elaboración e sentido da oportunidade. Os comunicados e as notas nun gabinete de comunicación dunha Administración Pública.

34. As roldas de prensa e comparecencias ante os medios de comunicación: organización e preparación. Convocatorias informativas: o caso das Administracións públicas locais. A organización de eventos mediáticos.

35. A información das Entidades Locais e a súa importancia ante a opinión pública. A información como servizo público á cidadanía. Publicacións corporativas: xestión e difusión.

36. O *Boletín Oficial da Provincia* de Lugo na comunicación institucional.

37. Publicidade e mercadotecnia. A publicidade institucional. Promoción de servizos públicos xestionados polas administracións locais. Campañas de sensibilización cidadá e campañas informativas locais.

38. O guión. Fases de elaboración. Acción dramática e recursos narrativos. Formatos. Guión técnico. Guión de traballo. A desagregación do guión. Documentos auxiliares do guión.

39. A linguaxe audiovisual: Plano. Toma. Escena. Secuencia. Tipos de planos.

40. A linguaxe visual e a fotografía: a sintaxe da imaxe. Teoría da cor. Composición: regras de composición.

41. O deseño gráfico: sinónimo de comunicación. O papel da semiótica. A percepción das mensaxes visuais. Psicoloxía da visión. O papel do deseño na vida diaria. A cor como comunicación. Teoría da cor.

42. A comunicación de crise. Técnicas e estratexias na xestión comunicativa dunha crise. Que facer e que non facer. Experiencias de xestión de crise nas Administracións Públicas no século XXI.

43. Os manuais de estilo. O estilo na comunicación institucional. O deseño e a visualización da información: técnicas e estratexias. A identidade corporativa. A imaxe corporativa. Premisas para unha imaxe positiva. A xestión estratéxica de a imaxe corporativa. A identidade visual corporativa. O manual de normas de identidade visual. A súa importancia na comunicación institucional.

44. O protocolo como parte integrante das ciencias da comunicación: antecedentes e definición; secuencia dos actos. Regulamento de Honores e Distincións, e Regulamento da Identidade Corporativa da Deputación.

45. Relaciones Públicas. Qué son, e a súa aplicación na Administración Pública.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2751

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A TURISMO, COTA XERAL, INCLÚIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da



temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivese ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, "(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022";

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: "A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)".

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que "(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022"e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
189	TÉCNICO/A TURISMO	Escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A/A1	1038	TÉCNICO/A TURISMO ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca,ao obxecto de informar de que "a non participación do/a

candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A TURISMO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM.120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IB) (BOP núm. 120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZA QUE SE CONVOCA: 1

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGR	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO	COTA
189	TÉCNICO/A TURISMO	Escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores	A / A1	1038	TÉCNICO/A TURISMO ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓN

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traxallo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

#### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Grao en turismo; Grao en turismo e Ocio; Grao en xestión do turismo; Grao en xestión do turismo de hotelería; Grao negocio dixital e innovación en turismo; Grao en dirección internacional de empresas de turismo e ocio ou Grao en turismo e xestión do ocio.

**5.2. Nivel de galego** (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

## **6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN**

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### **7. FASE DE OPOSICIÓN**

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### **7.1. PRIMEIRO EXERCICIO**

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de 1 hora 55 minutos.

Este exercicio terá dúas partes:

##### **7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS**

Consistirá nun exercicio tipo test de 50 preguntas con tres respostas alternativas e 5 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### **7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS**

Consistirá na exposición por escrito dun tema, seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización da proba.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

#### **7.2. SEGUNDO EXERCICIO**

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 4 horas

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria, quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas de normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

### 7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

### 7.4. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 4).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

### 8. FASE DE CONCURSO

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2.

### 9.- PROGRAMA DE ACCESO

#### A) MATERIAS COMÚNS.

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.

2. A organización territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O réxime local español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización provincial. Competencias provinciais.

4. O dereito administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: Ordenanzas, regulamentos e bandos.

5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.

6. Os interesados. Dereitos dos cidadáns nas súas relación coas Administracións Públicas. O acceso electrónico dos cidadáns os servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.

8. As facendas locais. Os tributos locais. As ordenanzas fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.

9. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos/as. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

#### B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

10. As subvencións. Réxime xurídico das subvencións na Administración: concepto. Partes na relación subvencionable. Establecemento. Procedemento de concesión, xestión e xustificación. Causas de reintegro.

11. Principais accións desenvolvidas actualmente pola Deputación de Lugo no ámbito do turismo.

12. Normativa comunitaria, estatal e autonómica sobre distintos aspectos da actividade turística.

13. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Principais aspectos da mesma.

14. Dereitos e obrigas das persoas usuarias dos servizos turísticos.

15. A declaración de municipios turísticos na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Servizos turísticos mínimos. Efectos da declaración de municipio turístico. Perda da condición de municipio turístico.

16. Dereitos e obrigas das empresas turísticas.

17. Aspectos básicos para o desenvolvemento da actividade turística. Réxime para o exercicio de actividades e prestacións de servizos turísticos.
  18. As empresas de aloxamento turístico na Lei 7/2011, do 27 de outubro do turismo de Galicia: concepto, tipo de establecementos de aloxamento turístico e a súa clasificación.
  19. As empresas de intermediación turística na Lei 7/2011, do 27 de outubro do turismo de Galicia: concepto e clasificación. As axencias de viaxe e a súa clasificación. As empresas de servizos turísticos complementarios.
  20. Promoción e fomento do turismo. Medidas de promoción turística. A inspección turística. Funcións da inspección turística. Obrigas dos/as titulares de empresas e actividades turísticas en relación coas funcións de inspección turística.
  21. Aspectos esenciais da Lei 5/ 2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
  22. Aspectos esenciais do Real decreto 425/2013, do 14 de xuño, polo que se aproba o estatuto do Instituto de Turismo de España.
  23. Aspectos esenciais do Real decreto 1072/2021, do 7 de decembro, polo que se regula o Fondo Financeiro do Estado para a competitividade turística no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
  24. O rexistro de empresas e actividades turísticas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
  25. Recursos turísticos da provincia de Lugo I: Os bens declarados Patrimonio da Humanidade na provincia de Lugo.
  26. Recursos turísticos da provincia de Lugo II: O camiño de inverno.
  27. Recursos turísticos da provincia de Lugo III: Recursos turísticos: fervenzas e lagoas. O turismo termal. O turismo náutico. As rutas fluviais da provincia de Lugo.
  28. Recursos turísticos da provincial de Lugo IV: A ruta dos encoros na provincia de Lugo.
  29. Recursos turísticos da provincia de Lugo V: As principais praias do litoral cantábrico da provincia de Lugo.
  30. Recursos turísticos da provincia de Lugo VI: Turismo activo e natureza: Monumentos naturais. A Rede Natura.
  31. Recursos turísticos da provincia de Lugo VII: Artesanía e oficios populares. O folclore. Romarías. Festas de interese turístico galego.
  32. Recursos turísticos da provincia de Lugo VIII: turismo rural.
  33. Recursos turísticos da provincia de Lugo IX: Características e coleccións de alberga a Rede Museística Provincial: Museo Provincial. Museo do Mar. Museo de San Paio de Narla. Pazo de Tor.
  34. Recursos turísticos da provincia de Lugo X: Conxunto Etnográfico de Santa Comba. Museo Diocesano. Castro de Viladonga e Castro de Fazouro. Centro de Interpretación Terras do Miño. Mazos e Ferrerías.
  35. A xestión turística "on-line" na era das novas tecnoloxías.
  36. A provincia de Lugo. Análise territorial, demográfico, sociocultural: Aspectos históricos, etnográficos, antropolóxicos, ecolóxicos e patrimoniais relevantes.
  37. Xeodestinos na provincia de Lugo.
  38. A arte prerromana na provincia de Lugo: O megalitismo, A idade de bronce. A cultura Castrexa.
  39. As calzadas romanas. A vía XIX do itinerario de Antonino ao seu paso pola provincia de Lugo.
  40. A arte medieval na provincia de Lugo: as fortalezas.
  41. O románico, o gótico e o neoclasicismo na provincia de Lugo.
  42. A Arte Renacentista na provincia de Lugo: arquitectura e escultura barroca. Exemplos das súas manifestacións máis importantes.
  43. Modelos e evolución do racionalismo arquitectónico na provincia de Lugo.
  44. A arquitectura popular. Materiais e elementos construtivos. Tipoloxías construtivas. Especial mención aos pazos da provincia.
  45. A arquitectura indiana na provincia de Lugo. Principais exemplos.
- Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

### Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantizará o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
11 883	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA	Escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios	A/A2	1324 1427	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que presten servizos temporais vinculados ás prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que "a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso", segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM.120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IB) (BOP núm. 120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 2

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO	COTA
11 883	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios	A / A2	1324 1427	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓNS

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas/os no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Trballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así

como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

## 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

#### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola; Grao en Enxeñería Agrícola; Grao en Enxeñería Agrícola e do Medio Rural; Grao en Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria ou calquera outro título universitario que habilite para o exercicio da profesión regulada da praza que se convoca.

### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

## 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de 1 hora e 45 minutos

Este exercicio terá dúas partes:

##### 7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS

Consistirá nun exercicio tipo test de 40 preguntas con tres respostas alternativas e 4 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### 7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS

Consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

#### 7.2. SEGUNDO EXERCICIO

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.



Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 3 horas e 30 minutos.

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas de normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

### **7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO**

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

### **7.4. PROBA DE GALEGO**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 4).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

### **8. FASE DE CONCURSO**

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederá a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2.

### **9.- PROGRAMA DE ACCESO**

#### **A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.

2. A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.

3. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A provincia. Organización provincial. Competencias provinciais.

4. O dereito administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.

5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común. Dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos de carácter persoal.

6. O persoal ao servizo da Admón. Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de compatibilidades. Réxime disciplinario.

**B) MATERIAS ESPECÍFICAS**

7. O modelo agrario Europeo. Da PAC xurdida do Tratado de Roma, á actualidade. Obxectivos, instrumentos e financiamento da PAC. O organismo pagador da PAC en Galicia.

8. Fondos estruturais e de investimento europeo (Feder, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP). Disposicións xerais e comúns. Especial referencia ao Feaga e o Feader.

9. Clasificación urbanística dos solos en Galicia: Principais características de cada un dos tipos e categorías de solo.

10. O réxime de solo rústico de Galicia. Facultades e deberes dos propietarios. Uso e actividades no solo rústico. Condicións xerais de edificación no solo rústico en Galicia.

11. O réxime de solo de núcleo rural de Galicia: Réxime e condicións de edificación en solo de núcleo rural. Usos do solo e actuacións incompatibles.

12. A concentración parcelaria. Fases e procedemento. O impacto ambiental da concentración parcelaria.

13. Ordenación cartográfica e sistemas de información xeográfica. PNOA e a Directiva Inspire. Os sistemas de posicionamento global e os sistemas de información xeográfica.

14. Limitacións da propiedade por uso e defensa das estradas en Galicia. Área de influencia das mesmas, zonas a distinguir. Límites de edificación.

15. Camiños rurais. Clasificación. Elementos estruturais e tipos de firmes.

16. Concepto e clasificación dos montes segundo a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

17. Agricultura e desenvolvemento sostible. Principais sistemas de produción en agricultura e as súas características, en relación co desenvolvemento sostible.

18. Agricultura ecolóxica. Normativa reguladora. Situación actual e perspectivas.

19. A Rede Natura 2000. Marco normativo. Declaración de Zonas de Especial Conservación en Galicia. O plan Director da Rede Natura 2000 en Galicia.

20. Outros espazos naturais protexidos en Galicia. Categorías, protección, declaración, efectos e instrumentos de planificación e xestión. As Reservas da Biosfera e o programa MaB.

21. Lei de protección da paisaxe de Galicia. Instrumentos de protección, xestión e ordenación. A estratexia da paisaxe de Galicia.

22. Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade. Catalogación, conservación e restauración de hábitats e espazos de patrimonio natural. Conservación da biodiversidade.

23. O concepto de residuo, a súa clasificación e xestión de residuos. Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Características, obxectivos e ámbito de aplicación.

24. O Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

25. Características xerais dos abastecementos de auga potable e da rede de saneamento en pequenas poboacións. A calidade da auga para consumo humano. Normativa aplicable.

26. Proxectos de enxeñaría agraria. Normativa reguladora. Estrutura e contido dos proxectos. Contratación administrativa de proxectos de obra. Fases e procedemento.

27. Dirección de obra pública. Funcións e responsabilidades. Reformulo, medicións, certificacións, modificacións, recepción, liquidación e garantía. A seguridade e saúde nas obras.

28. Procedemento xeral de expropiación. Declaración de utilidade pública ou interese social. Declaración de necesidade de ocupación de bens ou adquisición de dereitos. Procedemento ordinario. Procedemento de urxencia. Actas previas á ocupación. Depósito previo. Ocupación.

29. Procedemento de prezo xusto. Pagamento e toma de posesión. Consignación e retaxación no procedemento expropiatorio. Criterios xerais de valoración. Valoración dos distintos tipos e categorías do solo.

30. Denominacións de calidade. As denominacións de orixe e outras figuras de protección. Normativa reguladora a nivel europeo, nacional e galego.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2753

### Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓN S INFORMÁTICAS, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
847	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares	B	1331	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º;

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario ficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM.120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IB) (BOP núm. 120, do 27.05.2022), polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZA QUE SE CONVOCA: 1

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO	COTA
847	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	Escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares	B	1331	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓNS

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

#### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

#### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

##### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

##### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Título de FP Grao Superior da Familia de Informática e Comunicación da LOE: Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma ou Técnico/a superior en desenvolvemento aplicacións web, ou Título de FP Grao Superior da Familia de Informática da LOXSE: Técnico/a superior desenvolvemento aplicacións informáticas.

##### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

#### 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

#### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

##### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de 1 hora e 40 minutos.

Este exercicio terá dúas partes:

##### 7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS

Consistirá nun exercicio tipo test de 32 preguntas con tres respostas alternativas e 3 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: o Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### 7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS

Consistirá na exposición por escrito dun tema, seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesma.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

## 7.2. SEGUNDO EJERCICIO

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 3 horas

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria, quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas de normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

## 7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMIENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

## 7.4. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 4).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

## 8. FASE DE CONCURSO

A puntuación total da fase de concurso é de **20 puntos (40%)**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2.

## 9.- PROGRAMA DE ACCESO

### A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.
2. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa. A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.
3. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
4. O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.

5. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas.

## B) MATERIAS ESPECÍFICAS

6. Programación estruturada. Variables e tipos de datos, operadores, instrucións condicionais, bucles, recursividade. Procedementos e funcións, parámetros de entrada e saída. Linguaxes de programación estruturada.

7. Aplicacións web. Tecnoloxías de programación web: HTML; XML, CSS, JavaScript,. Servizos web. Creación de aplicacións na web: servidores de aplicacións, páxinas JSP, PHP.

8. Programación orientada a obxectos. Elementos: obxectos, clases, herdanza, métodos. Principais características, vantaxes e inconvenientes. Linguaxes de programación orientada a obxectos (Java, C, .NET).

9. Arquitectura cliente/servidor. Modelo de 2 capas e 3 capas. Compoñentes e operación. Arquitecturas de servizos web (WS). Servidores de aplicación: tomcat, jboss, iss.

10. Web 1.0, Web 2.0 e Web 3.0: características, historia e evolución. Aplicacións de xestións de contidos (CMS), características, vantaxes e inconvenientes. HTML5.

11. Accesibilidade, deseño universal e usabilidade. Acceso e usabilidade das tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información.

12. Deseño de bases de datos. Deseño lóxico e físico. O modelo lóxico relacional. Normalización.

13. Linguaxes de consulta de bases de datos. Estándar ANSI SQL. Sentenzas DDL e DML.

14. Certificados dixitais. DNI electrónico. Infraestrutura de clave pública. Criptografía simétrica e asimétrica. Autoridades e servizos de certificación.

15. Conceptos de seguridade dos sistemas de información. Seguridade física. Seguridade lóxica. Elementos vulnerables, hardware, software e datos. Ameazas. Técnicas de ataque. Protección e medidas de seguridade.

16. A rede Internet, a súa historia, conceptos e características. Principais servizos de Internet e protocolos: correo electrónico, WWW, FTP, HTTP, HTTPS, SSL/TLS, e outros.

17. A administración electrónica na Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18. Protección de datos de carácter persoal: Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais. Obxecto. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable encargado do tratamento.

19. A sinatura dixital. Ferramentas e sistemas de sinatura dixital. A Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.

20. Redes sociais: conceptos xerais, principais redes sociais: características, vantaxes e usos. Ferramentas e utilidades para a xestión de redes sociais. As funcións e o papel dos Community Manager.

21. Conceptos de servizos de internet avanzados: Big Data, Servizos Cloud, Internet Of Things. Comercio electrónico.

22. Redes de área local (LAN). Administración e xestión de usuarios e dispositivos. Cableado estruturado e equipos de interconexión e conmutación de redes.

23. Servizos de directorio activo. Definición, elementos e nomenclatura, LDAP. Administración de directorio. Controladores de dominio, creación de dominios.

24. Interoperabilidade, seguridade e transferencia de tecnoloxía entre Administracións Públicas. Centro de Transferencia Tecnolóxica (CTT). ENS e ENI.

25. Políticas, procedementos e métodos para a conservación da información en soporte electrónico. Seguridade e alta dispoñibilidade. Particionado de discos e recuperación de datos, sistemas RAID.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2754

## Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE**

**EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
846	TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA e E REDES	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	C/C1	1330	TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES ENTRADA	Xeral



2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM.120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IB) (BOP núm. 120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZA QUE SE CONVOCA: 1

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO	COTA
846	TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES	Escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares	C / C1	1330	TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓN

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de

agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

#### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Formación Profesional de grao medio da familia profesional de Informática e Comunicación da LOE: Técnico/a Microinformática e Redes ; Título de Formación Profesional de Grao Medio da Familia Profesional de Informática da LOGSE: Técnico/a en Explotación de Sistemas Informáticos; Título de FP Grao Superior da Familia de Informática e Comunicación da LOE: Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma ou Técnico/a superior administración de sistemas informáticos en rede ou Título de FP Grao Superior da Familia de Informática da LOXSE: Técnico/a superior desenvolvemento aplicacións informáticas.

**5.2. Nivel de galego** (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

#### 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

#### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

##### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de 1 hora e 30 minutos.

Este exercicio terá dúas partes:

##### 7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS

Consistirá nun exercicio tipo test de 25 preguntas con tres respostas alternativas e 2 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: o Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### 7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS

Consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

##### 7.2. SEGUNDO EXERCICIO

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas dapraza/posto que se convoca.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 2 horas e 30 minutos.

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas de normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

### **7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO**

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

### **7.4. PROBA DE GALEGO**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 4).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

## **8. FASE DE CONCURSO**

A puntuación total da fase de concurso é de **20 puntos (40%)**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2.

## **9.- PROGRAMA DE ACCESO**

### **A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución de 1978. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois. Principais órganos do Estado. A Coroa e as Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. O Poder Xudicial e o Tribunal Constitucional.

2. A organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. O estatuto de autonomía de Galicia: aspectos esenciais.

3. A provincia no réxime local. A organización provincial. Competencias. A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.

4. Conceptos xerais do procedemento administrativo local e das facendas locais.

### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS**

5. Concepto, evolución e tendencias dos sistemas operativos. Sistemas operativos. Sistemas operativos Windows e Sistemas Operativos UNIX-LINUX. Administración.

6. Modelo xenérico dun ordenador. Compoñentes e fundamentos Hardware. CPU, RAM, disco duro, tarxetas, etc. Dispositivos de entrada e saída. Controladores e periféricos.

7. Encapsulación de datos. Unidades de datos de protocolo (PDU). Encapsulación e desencapsulación. Acceso a recursos locais e remotos. Direccións MAC e IP. Comunicación cun dispositivo nunha rede remota.

8. Redes de Comunicacións: XDSL, WI-FI (IEEE 802.11, WI-MAX (IEEE 802.16), PLC, Bluetooth). Seguridade, normativa reguladora. Vantaxes e inconvenientes.

9. As comunicacións móbiles. Xeracións de tecnoloxías de telefonía móbil.

10. O modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) de ISO. Protocolos TCP/IP. Direccións de rede IPv4 e IPv6, direccións de host, multicast e de broadcast. Determinación da rede e subredes.
  11. Redes locais. Tipoloxía. Métodos de acceso. Sistemas de cableado estruturado e equipos de interconexión e conmutación de redes.
  12. Certificados dixitais. DNI electrónico. Infraestrutura de clave pública. Criptografía simétrica e asimétrica. Autoridades e servizos de certificación. Servizo de directorio X 500. Marco de autenticación X 509.
  13. Sistemas de xestión de servizos de Tecnoloxías da Información no ámbito da norma ISO 20000-1
  14. Conceptos de seguridade dos sistemas de información. Seguridade física. Seguridade lóxica. Elementos vulnerables, hardware, software e datos. Ameazas. Técnicas de ataque. Protección e medidas de seguridade.
  15. A rede Internet, a súa historia, conceptos e características. Principais servizos de Internet: correo electrónico, WWW, FTP, Telnet e outros. Protocolos HTTP, HTTPS e SSL/TLS.
  16. A administración electrónica na Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
  17. A protección de datos de carácter persoal. O regulamento xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios e dereitos. Obrigacións. O delegado de protección de datos nas Administracións Públicas. A Axencia Española de Protección de Datos.
  18. A sinatura dixital. Ferramentas e sistemas de sinatura dixital. A Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.
  19. Xestión de redes telemáticas. Conceptos básicos. Arquitecturas e modelos lóxicos de xestión de rede. O modelo SNMP.
  20. Intrusións, accesos non autorizados a servizos, cortafogos, confidencialidade. Medidas específicas a tomar. Redes Privadas Virtuais (VPN).
- Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2755

---

### Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA MAQUINISTA-CONDUTOR/A, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

- 1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP);e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.
- 2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.
- 3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.
- 4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.
- 5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.
- 6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022”e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB) 1 réxime xurídico administrativo acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
551	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial	C/C2	613	MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA PRAZA DENOMINADA MAQUINISTA-CONDUTOR/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM.120, DO 27.05.2022) APARTADO IB) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IB) (BOP núm. 120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZA QUE SE CONVOCA: 1

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO /SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABALLO	COTA
551	MAQUINISTA - CONDUTOR/A	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial	C / C2	613	MAQUINISTA - CONDUTOR/A ENTRADA	XERAL

### 3. RETRIBUCIÓN

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

#### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 3

#### 5.3. Outros requisitos (complemento da base xeral 4 apartado g): permiso de condución tipo A, B, C e C+E.

## 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de: 1 hora e 20 minutos.

Este exercicio terá dúas partes:

##### 7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS

Consistirá nun exercicio tipo test de 16 preguntas con tres respostas alternativas e 2 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### 7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS

Consistirá na exposición por escrito dun tema, seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

#### 7.2. SEGUNDO EXERCICIO

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 2 horas.

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

#### 7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

#### 7.4. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualifícase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 3).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

#### 8. FASE DE CONCURSO

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2.

#### 9.- PROGRAMA DE ACCESO

##### A) MATERIAS COMÚNS

1.- A Constitución Española. Principios xerais. A provincia como entidade local. A Deputación Provincial de Lugo, as súas competencias, organización e dependencias.

2.- A organización territorial do estado na Constitución Española de 1978. Os estatutos de autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

##### B) MATERIAS ESPECÍFICAS

3.- A lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial: disposicións xerais. Réxime competencial. Normas de comportamento na circulación.

4.- Sinalización. Tipo e significado das sinais de circulación e marcas viais e sinais nos vehículos.

5.- Chasis e carrozaría. Pintura. Motores. Clasificación dos motores atendendo a súa constitución e funcionamento. Técnicas de desmontaxe, verificación, reparación e montaxe de motores.

6.- Sistemas auxiliares de motor. Sistemas de admisión do aire. Sistemas de escape. Sistemas de alimentación do combustible. Elementos e compoñentes dos circuitos hidráulicos e pneumáticos.

7.- Sistemas de suspensión: tipos de suspensión, características, constitución e funcionamento, suspensión convencionais, pneumáticas e hidropneumáticas. Técnicas de desmontaxe, reparación e montaxe.

8.- Sistema de dirección: direccións convencionais, pneumáticas e hidráulicas. Control de axuste de eixe dianteiro e traseiro. Características de rodas e pneumáticos. Técnica de desmontaxe, reparación e montaxe.

9.- Sistemas de transmisión e freado. Transmisión de forza. Embrague e convertedores. Sistema de freos: hidráulicos, pneumáticos e eléctricos. O sistema de freos con ABS. Técnicas de desmontaxe, reparación e montaxe.

10.- Electricidade do automóbil. Sistemas de acendido. Alternador, batería, motor de arranque. Sistema de alumeadado.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2756

#### *Anuncio*

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS MAQUINISTA-CONDUTOR/A, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da



temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, "(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022";

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: "A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)".

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que "(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022" e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB)2 réxime xurídico laboral acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
3161 3336	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	C/C2	351 1469	MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados ás prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que "a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso", segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS MAQUINISTA – CONDUTOR/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022), APARTADO IB) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público (OEP) do ano 2022-apartado IB) (BOP núm.120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: dúas (2)

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
3161 3336	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	C / C2	351 1469	MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓN ACADÉMICAS
Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 3

#### 5.3. Outros requisitos (complemento da base xeral 4 apartado g):permiso de conducción tipo A, B, C e C+E

## **6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN**

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### **7. FASE DE OPOSICIÓN**

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### **7.1. PRIMEIRO EXERCICIO**

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de: 1 hora e 20 minutos.

Este exercicio terá dúas partes:

##### **7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS**

Consistirá nun exercicio tipo test de 16 preguntas con tres respostas alternativas e 2 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos as persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### **7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS**

Consistirá na exposición por escrito dun tema, seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a esta acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

#### **7.2. SEGUNDO EXERCICIO**

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo de 2 horas.

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

#### **7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO**

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e ao segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

#### 7.4. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualifícase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 3).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

#### 8. FASE DE CONCURSO

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2.

#### 9.- PROGRAMA DE ACCESO

##### A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación Provincial de Lugo, as súas competencias, organización e dependencias.

2. A organización territorial do estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

##### B) MATERIAS ESPECÍFICAS

3. A lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial: disposicións xerais. Réxime competencial. Normas de comportamento na circulación.

4. Sinalización. Tipo e significado das sinais de circulación e marcas viais e sinais nos vehículos.

5. Chasis e carrozaría. Pintura. Motores. Clasificación dos motores atendendo a súa constitución e funcionamento. Técnicas de desmontaxe, verificación, reparación e montaxe de motores.

6. Sistemas auxiliares de motor. Sistemas de admisión do aire. Sistemas de escape. Sistemas de alimentación do combustible. Elementos e compoñentes dos circuitos hidráulicos e pneumáticos.

7. Sistemas de suspensión: tipos de suspensión, características, constitución e funcionamento, suspensión convencionais, pneumáticas e hidropneumáticas. Técnicas de desmontaxe, reparación e montaxe.

8. Sistema de dirección: direccións convencionais, pneumáticas e hidráulicas. Control de axuste de eixe dianteiro e traseiro. Características de rodas e pneumáticos. Técnica de desmontaxe, reparación e montaxe.

9. Sistemas de transmisión e freado. Transmisión de forza. Embrague e convertedores. Sistema de freos: hidráulicos, pneumáticos e eléctricos. O sistema de freos con ABS. Técnicas de desmontaxe, reparación e montaxe.

10. Electricidade do automóbil. Sistemas de acendido. Alternador, batería, motor de arranque. Sistema de alumado.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2757

#### *Anuncio*

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA GRANXA, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para daquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB)2 réxime xurídico laboral acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
163	PEÓN/PEOA GRANXA	AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	129	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA	Xeral
170			140		
1164			1168		

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que presten servizos temporais vinculados ás prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA GRANXA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022), APARTADO IB) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público (OEP) do ano 2022- apartado IB) (BOP núm.120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: tres (3)

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
163 170 1164	PEÓN/PEOA GRANXA	AP	129 140 1168	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 2

## 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de: 1 hora e 15 minutos.

Constará dos seguintes exercicios:

##### 7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS

Consistirá nun exercicio tipo test de 8 preguntas con tres respostas alternativas e 2 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade á realización do exercicio, informando dos mesmos ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

##### 7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS

Consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

#### 7.2. SEGUNDO EXERCICIO

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo dunha hora.

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a estes actos as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: O Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo.

#### 7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e ao segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

#### 7.4. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualifícase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 2).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

#### 8. FASE DE CONCURSO

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2

#### 9.- PROGRAMA DE ACCESO

##### A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo: as súas competencias e organización.

##### B) MATERIAS ESPECÍFICAS

2. A muxidura. Rutina de muxido e manexo dos animais durante a muxidura. O robot de muxido.

3. Bioseguridade nas granxas de vacún de leite, fontes de infección e formas de contaxio. Principais enfermidades de control. Atención aos animais enfermos. Hixiene das instalacións e do persoal manipulador de animais e alimentos. Benestar animal nas granxas de vacún de leite.

4. Reprodución do gando vacún de leite. Controis reprodutivos. O ciclo ovárico e a detección dos celos. Técnicas de reprodución asistida (IA e Transferencia de embrións). A atención da vaca de leite no parto, parto e postparto. Período de transición e principais enfermidades do período de transición. Coidados do xato recién nacido. Prevención de enfermidades infecciosas do xato. O calostro e o encalostrado. A recría de xovencas de vacún de leite.

5. A produción de forraxes. Pastoreo e ensilado de herba e de millo. Recollida de herba seca. Fertilización de pradarias e laboreo de terras agrícolas.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2758

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 16.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

O art. 2 da Lei 20/2021 prevé que as Administracións Públicas convoquen, polo sistema de concurso-oposición aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31.12.2020.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos



procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”;

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación o art. 2 da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso-oposición cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021.

3) Respectan a porcentaxe máxima de valoración para a fase de concurso (40% da puntuación total alcanzable no proceso selectivo) sinalada no art. 2.4 da Lei 20/2021.

4) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

5) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022.

6) Establécese o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 - IB) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021), apartado - IB)2 réxime xurídico laboral acceso libre, polo sistema de concurso-oposición, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
3322	PEÓN/PEOA REPARACIÓNS VÍAS PROVINCIAIS	AP	1437	PEÓN/PEOA REPARACIÓNS VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

**PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022(BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022), APARTADO IB) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.**

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público (OEP) do ano 2022-apartado IB) (BOP núm.120, do 27.05.2022) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

### 2. PRAZA QUE SE CONVOCA: unha (1)

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
3322	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	AP	1437	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA	Xeral

### 3. RETRIBUCIÓN

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópanse vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 2

### 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

A puntuación máxima do concurso-oposición é de 50 puntos, sendo a puntuación máxima da fase de oposición 30 puntos (60%) e na fase de concurso 20 puntos (40%).

### 7. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.3).

Constará dos seguintes exercicios:

#### 7.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 15 puntos, por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar o primeiro exercicio será de: 1 hora e 15 minutos.

Constará dos seguintes exercicios:

#### **7.1.1. EXERCICIO TIPO TEST- MATERIAS COMÚNS**

Consistirá nun exercicio tipo test de 8 preguntas con tres respostas alternativas e 2 preguntas de reserva, sobre os temas incluídos na base específica 9 apartado A) MATERIAS COMÚNS.

Criterios de corrección: o Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

#### **7.1.2. EXPOSICIÓN DUN TEMA- MATERIAS ESPECÍFICAS**

Consistirá na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os temas contidos na base específica 9 apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS .

O tema será lido pola persoa aspirante diante do tribunal, na data que este determine, podendo asistir a este acto o resto de persoas que participan no proceso selectivo.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación do tema informando ás persoas aspirantes antes da súa realización.

Este apartado puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

#### **7.2. SEGUNDO EXERCICIO**

Este exercicio terá carácter obrigatorio e non eliminatorio, puntuarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizar o segundo exercicio será determinado polo Tribunal no podendo superar o tempo máximo dunha hora

O Tribunal poderá determinar que o exercicio sexa lido polas persoas aspirantes, na data que este determine, podendo asistir a este acto as demais persoas aspirantes. Neste suposto a lectura será obrigatoria quedando eliminados do proceso selectivo as persoas que non comparezan.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da súa realización.

#### **7.3. PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO**

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e ao segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

#### **7.4. PROBA DE GALEGO**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria, cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala.

En cumprimento do sinalado no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2 (Celga 2).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

#### **8. FASE DE CONCURSO**

A puntuación total da fase de concurso é de 20 puntos (40%).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 15 puntos na fase de oposición e teñan acreditado ou superada a proba de galego.

Os méritos a valorar están recollidos na base xeral 10.2

## 9. PROGRAMA DE ACCESO

### A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo: as súas competencias e organización.

### B) MATERIAS ESPECÍFICAS

2. Drenaxe. Cunetas ou gabias: materiais e execución. Drenaxes profundas: materiais e execución. Execución das obras en casos normais.

3. Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mesturas bituminosas. Composición, materiais, ensaios elementais e execución. Formigóns: características, composición e dosificación. Encofrados.

4. Coñecementos xerais da maquinaria empregada na construción e conservación de estradas. Operacións de conservación ordinarias: descrición e tarefas. Atención de emerxencias. Viabilidade invernal. Limpeza de neve e tratamento antixeo.

5. Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables ás actuacións en estradas. Sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo: cores de seguridade. Tipos de sinais. Sinalización, balizamento e defensas. Sinalización horizontal e vertical de estradas.

Lugo, 21 de setembro de 2022.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2759

## CONCELLOS

### CERVANTES

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervantes, en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de setembro de 2022 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 9/2022 baixo a modalidade de Suplemento de créditos e crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería, destinado a financiar gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable por importe de 74.489,55 euros.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Cervantes, 23 de setembro de 2022.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2736

## O PÁRAMO

#### *Anuncio*

**Expediente núm.:** 293/2022

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR-A SOCIAL, PERSOAL LABORA FIXO**

Vistas as Bases para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social para o Concello de O Páramo, Persoal Laboral Fixo, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de xullo de 2022.

Examinadas as instancias presentadas polos aspirantes

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

**ADMITIDOS**

NOME E APELIDOS	D.N.I
Flavia Rodicio Fuentes	***7272**
Tamara Torreiro Rodríguez	***7271**
Lorena Bouza Piñón	***1730**
María Carmen Prieto Rojo	***6180**
Sonia Fariñas Iglesias	***5634**
Beatriz Pereiro Sordo	***3578**
Óscar José Rodríguez López	***4171**
María Mar Gómez Fernández	***2350**
Lucía Alonso Fernández	***3188**
Carla Carballedo Roca	***5034**
Enma García López	***2183**
Ana María Martínez Neira	***3513**

**EXCLUIDOS**

NOME E APELIDOS	D.N.I	MOTIVO EXCLUSIÓN
Galia Fernández García	***0890**	DNI sen compulsar Titulación sen compulsar
M. <sup>a</sup> Inmaculada Victorino Domínguez	***9154**	DNI caducado
Marta López Piñeiro	***5006**	DNI sen compulsar Titulación sen compulsar
Lucía Obarrio Salvador	***8026**	DNI sen compulsar Titulación sen compulsar

Nas Bases para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social para o Concello de O Páramo, Persoal Laboral Fixo, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de xullo de 2022, sinalase

“4.2.- Á instancia uníranse:

a) *Fotocopia do DNI compulsada ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.*

b) *Fotocopia compulsada da titulación esixida.*

5.2. **Serán causas de exclusión as sinaladas:**

a) *Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira.*

b) *A omisión da sinatura na solicitude.*

c) *A omisión na solicitude da copia compulsada do DNI.*

d) *Non aportar fotocopia compulsada da titulación esixida.*

e) *A presentación da solicitude fora do prazo establecido. “*

---

**SEGUNDO.** Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia ,na sede electrónica deste Concello <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal> e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dez días hábiles, a partir da publicación deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, para formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión.

O Páramo, 23 de setembro de 2022.- O alcalde, José Luis López López.

R. 2737

---